

PLAN CONTINXECIA

CEIP de CABANAS

CURSO 2021-2022

Versión 2 setembro 2021

PLAN DE CONTINXENCIA DO CEIP de CABANAS.

O Plan de Continxencia do CEIP de CABANAS ten por finalidade establecer os procesos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun abrocho que supoña o cese da actividade presencial nun aula/etapa educativa/centro. Trátase dun plan adaptable e modificable en función da situación epidemiolóxica. Seguindo as directrices marcadas pola Consellería, foi elaborado polo Equipo Directivo coas aportacións do profesorado do centro, a pesar de non ter formación en materia sanitaria nin de organización en aspectos relacionados coa prevención de riscos laborais.

Será publicado na web do centro para a consulta de toda a comunidade educativa.

ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓN DUN ABROCHO

1. Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa diagnosticada de COVID-19. Aspecto ao que se comprometerán obrigatoriamente as familias por escrito, asinando modelo de declaración responsable facilitado polo centro.
2. Diante dun suposto no que unha persoa ou alumno da que se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo seguirase o presente plan de continxencia e levarase a un espazo separado de uso individual, colocaráse unha máscara cirúrxica (tanto ao que iniciou síntomas como á persoa que quede ao seu coidado), e contactarase coa familia, no caso de afectar a alumnado. O espazo habilitado no centro será o Departamento de Orientación, que contará con papelera de pedal, xel hidoalcolico, panos desgotables, conta con espazo suficiente e ventilación adecuada.
Un membro do equipo covid, será o encargado de organizar o persoal que estará ao coidado da persoa con síntomas, hasta que a familia o veña a recoller e que será profesorado de garda.
Ese espazo será desinfectado despois do seu uso.
3. Débese chamar ao centro de saúde de Atención Primaria de referencia, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.
4. No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita, de coronavirus nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo COVID-19 contactará coa Xefatura Territorial de Sanidade para comunicarlo a través da aplicación "EDUCOVID". Será a propia Xefatura Territorial de Sanidade quen investigará os contactos que existan dentro do centro e os identificará, enviando a listaxe de contactos á Central de Seguimento de Contactos (CSC) quen se encargará da vixilancia evolutiva das persoas identificadas como contactos. Estas terán a consideración de contactos estreitos dun caso de Covid-19 e deberán estar en corentena no seu domicilio durante o período que sinala a xefatura de sanidade.
Considerase contacto estreito a persoa que estivo en contacto nos días anteriores, máis de 15 minutos, a menos de 2m de distancia e sen un uso correcto da mascarilla.

5. A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de atención presencial e/ou solicitude dun test diagnóstico. De non ser atendidos, acudirá ao PAC para a valoración polo médico de atención primaria.
6. Tras a aparición dun caso diagnóstico da Covid 19 seguiranse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que nun centro teña que estar illada unha parte dun centro educativo (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada abrocho.
7. **A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade** de conformidade con seguintes supostos: A aparición dun único caso confirmado nunha aula poderá supoñer a entrada en corentena da totalidade do grupo que conforma a aula e do profesorado asignado a ese grupo. Cando exista unha detección de 3 casos positivos confirmados nos últimos 7 días poderase acordar a medida do peche do nivel educativo completo onde xurdira o abrocho ou, de ser o caso, da totalidade do centro educativo.
8. **A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en corentena de polo menos 10 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto próximo.**
9. A autoridade sanitaria, en coordinación coa Consellería de Educación determinará en cada caso o número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena o que se comunicará ao equipo COVID do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.
10. A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia. Aos efectos de determinación do nivel de risco a autoridade sanitaria poderá volver a avaliar o pase ao nivel de riscos NR 2 para os supostos de consideración de vulnerabilidade e de cualificación de persoal sensible.

SEMPRE SE SEGUIRÁN AS INSTRUCIÓNS DAS AUTORIDADES SANITARIAS E/OU RASTREXADORES QUE SE POÑAN EN CONTACTO COAS FAMILIAS E O CENTRO.

ACTUACIÓN PARA O PERIODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

Durante o período de suspensión da actividade presencial o centro educativo establecerá as medidas necesarias para garantir a continuidade do proceso educativo de xeito non presencial segundo o establecido neste Plan de Continxencia, tendo previstas as seguintes medidas:

1. Uso da aula virtual ou blogues nos cursos de Educación Infantil e de 1º e 2º de Primaria.

Para o alumnado de 3º, 4º e de E. Primaria será de uso obrigatorio a aula virtual e/ou a plataforma de videoconferencias CiscoWebex.

O alumnado de 5º e 6º de E. primaria traballará co entorno EVA do programa E-dixgal.

Como recursos alternativos a empregar na aula dixital están os elaborados polo profesorado do centro, os contidos Abalar na web da Consellería, os contidos dixitais do Ministerio de Educación e aqueles outros existentes na rede e considerados axeitados para o nivel educativo no que se vaia a empregar

2. Para garantir a continuidade, o centro establecerá unha planificación horaria de traballo do profesorado do grupo co alumnado que reflecta o establecido no modo presencial de xeito que se manteña o vinculo co alumnado do xeito máis coherente posible tendo en conta o medio virtual no que se desenvolve.

Márcase dentro do horario de cada asignatura, un 40% do tempo para realización de tarefas, e un 60% (30 minutos) de docencia durante a cal as aulas virtuais (os chats) ou o contexto virtual CiscoWebex estará aberto para unha comunicación directa co profesorado (daránse as instrucións concretas, necesarias de producirse as condicións de ensino non presencial).

Así mesmo se manterán as horas semanas de tutorías no horario habitual os martes pola tarde.

Os horarios do Ceip de Cabanas, para 3º, 4º, 5º e 6º de E. Primaria son os que aparecen a continuación. Intentarase, que aínda que son de obrigado cumprimento, podan sufrir as modificacións imprescindibles para flexibilizar a práctica docente establecida coas circunstancias familiares.

3º EP					
	LUNS	MARTES	MERCORES	XOVES	VENRES
9:30 – 10:20	MATMÁTICAS	LG	MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS	LC
10:20 – 11:10	INGLES	MATEMÁTICAS	LC	LC	EF
11:10 – 12:30	LG HORA DE LER	EF HORA DE LER	INGLÉS HORA DE LER	LC HORA DE LER	LC HORA DE LER
12:30 – 12:55	RECREO				
12:30 – 13:40	MUSICA	CCNN	LG	CCNN	CCSS
13:40 – 14:30	CCSS	RELIXION VALORES	CCSS	PLASTICA	INGLÉS

4º EP A					
	LUNS	MARTES	MERCORES	XOVES	VENRES
9:30 – 10:20	RELIXION VALORES	MATS	LG	LC	MATES
10:20 – 11:10	MATE	LC	INGLÉS	EF	MUSICA
11:10 – 12:30	LC HORA DE LER	INGLÉS HORA DE LER	MATEMÁTICAS HORA DE LER	CCNN HORA DE LER	PLASTICA HORA DE LER
12:30 – 12:55	RECREO				
12:30 – 13:40	EF	LG	LC	LG	INGLÉS
13:40 – 14:30	LG	CCNN	CCSS	AFONDAMENTO	CCSS

4º EP B					
	LUNS	MARTES	MERCORES	XOVES	VENRES
9:30 – 10:20	MATES	LC	LG	LC	MATE
10:20 – 11:10	RELIXION VALORES	INGLÉS	EF	MATE	PLSTICA
11:10 – 12:30	LC HORA DE LER	MATEMATICAS HORA DE LER	MATE HORA DE LER	INGLÉS HORA DE LER	LC HORA DE LER
12:30 – 12:55	RECREO				
12:30 – 13:40	INGLÉS	LG	MUSICA	LG	AFONDAMENTO
13:40 – 14:30	LG	CCNN	CCSS	EF	CCSS

5º EP					
	LUNS	MARTES	MERCORES	XOVES	VENRES
9:30 – 10:20	MUSICA	INGLÉS	RELIXION VALORES	LG	INGLÉS
10:20 – 11:10	MATEMÁTICAS	MATE	MATE	MATE	MATE
11:10 – 12:30	LC HORA DE LER	LG HORA DE LER	LC HORA DE LER	EF HORA DE LER	LC HORA DE LER
12:30 – 12:55	RECREO				
12:30 – 13:40	CCNN	CCSS	EF	INGLÉS	LG
13:40 – 14:30	LG	LC	CCNN	CCSS	PLASTICA

6º EP					
	LUNS	MARTES	MERCORES	XOVES	VENRES
9:30 – 10:20	MATE	MATE	INGLÉS	LC	LG
10:20 – 11:10	EF	RELI/VALORES	MUSICA	CCSS	CCNN
11:10 – 12:30	LC HORA DE LER	LG HORA DE LER	FRANCÉS HORA DE LER	MATE HORA DE LER	CCSS HORA DE LER
12:30 – 12:55	RECREO				
12:30 – 13:40	CCSS	INGLÉS	MATE	PLÁSTICA	EF
13:40 – 14:30	INGLÉS	CCNN	LC	LG	MATE

3. Realizaranse periodicamente simulacións que permitan ter establecidos os protocolos de actuación no caso de peche.

4. As tarefas para o alumnado asemellaranse o máis posible ao sistema presencial respectando seu dereito ao lecer e ao descanso.

5. O alumnado é titular dos mesmos **dereitos e deberes** no ensino non presencial, e, polo tanto, **está obrigado participar nas clases non presenciais con aproveitamento e sometido ás mesmas normas de convivencia independentemente da situación de peche ou confinamento.**

6. Durante o peche ou confinamento, sempre de acordo coas indicacións sanitarias derivadas da evolución epidemiolóxica, o profesorado realizará o proceso educativo no seu centro educativo ou no seu domicilio.

7. A actividade lectiva non presencial será impartida polo profesorado ordinario do alumnado a través das ferramentas institucionais tales como as aulas virtuais, CiscoWebex, etc.. O profesorado realizará o seguimento do alumnado, impartirá os contidos da materia de xeito virtual e poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen o contido da materia ou a avaliación continua da mesma.

8. Cando durante o peche ou confinamento parte do profesorado afectado se atope de baixa será substituído por outro persoal docente.

9. O mesmo día do peche a dirección do centro enviará unha comunicación a través de abalarMóbil e publicará unha nova na web do centro e o profesorado habilitará na aula virtual do centro os recursos e as actividades iniciais e trasladará orientacións e instrucións ás familias. Estas actividades poderán remitirse aos libros de texto, a fichas específicas e a actividades en liña, ou outros materiais.

10. A atención ao alumnado que deba permanecer en illamento, mesmo cando non se produza o peche ou confinamento da aula ou centro, responderá ao previsto con carácter xeral no artigo 25 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación así como no apartado 3 do Protocolo de atención educativa domiciliaria .

11. Garantirase en todo momento a atención a diversidade do alumnado para o cal se disporán os recursos organizativos e didácticos necesarios dentro das aulas virtuais con atención por parte de profesorado especialista en PT e AL, e recibirá a atención a distancia, no horario habitual de ensino presencial.

12. O centro porá a disposición das familias os medios informáticos necesarios para garantir o dereito a educación dentro dos recursos dos que se dispoña. De non ser suficientes o centro trasladará con carácter de urxencia as necesidades atopadas as autoridades educativas. No caso de préstamo de equipamentos ás familias seguiranse as instrucións que determina a consellería para realizar as entregas e recollidas dos mesmos.

De ser necesario darase asesoramento ás familias que o precisen sobre o funcionamento da aula virtual e se resolverán dúbidas que podan xurdir.

13. A dirección do centro e a Xefatura de Estudos levará seguimento semanal das actividades realizadas e das incidencias que se podan producir. Seguirase o modelo proposto pola consellería que aparece no ANEXO I.

ANEXO I



REXISTRO DIARIO DA ACTIVIDADE TELEMÁTICA

CENTRO: _____ DOCENTE: _____

DATAS: _____ AO _____

DATA	HORA	GRUPO	MATERIA	DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE	INCIDENCIAS TÉCNICAS	AUSENCIAS ALUMNADO